

The background features a map of Galicia, Spain, with its regional boundaries outlined. Overlaid on the map are ten silhouettes of professionals in various poses, some holding briefcases. In the center of the map, there is a stylized logo consisting of a grid of squares with some squares missing, forming a shape reminiscent of the Galician flag's central emblem. The entire scene is set against a light orange background with a large, flowing, abstract shape in a darker shade of orange at the bottom.

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCIAIS 2011

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

María Luisa Mallo Fernández
María José Cortés Jiménez

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Sergio Cantalejo Díez
César Manuel Dans Galán
Ricardo Fernández López
Rosa María Fernández Fernández
María del Mar Martínez Besada
María Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
María Belén Yáñez Barge

Equipo auxiliar:

María Jesús Iglesias Ferreiro
María José Porto Pardiñas
Francisco de Cal Pose
Marta López Fernández

Dep. legal: C 3245 - 2008

PRESENTACIÓN

O mercado de traballo é un escenario cambiante e complexo, afectado en gran medida polas diferentes redes socioeconómicas que condicionan a evolución das variables laborais locais.

A realización de estudos e informes que parten da análise dos ámbitos territoriais comarcais buscan, fundamentalmente, obter unha análise máis focalizada, o que nos permite reflectir unha información máis concreta e próxima á realidade local.

Este informe, de periodicidade anual, serve de base de traballo para definir as prioridades da formación para o emprego para as persoas desempregadas na nosa Comunidade Autónoma, tratando de acadar unha programación de cursos adaptada aos requirimentos do mercado de traballo.

A adaptación do binomio emprego-formación constitúe, pois, un obxectivo fundamental de cara a proporcionar ás persoas desempregadas cursos en especialidades que lles ofrezan unhas maiores posibilidades de acadar a súa inserción e/ou reinserción laboral.

Desde a Consellería de Traballo e Benestar imos seguir traballando neste senso, co fin de fundamentar unhas políticas activas de emprego eficaces, que utilicen os recursos materiais e humanos de xeito eficiente e consigan repercutir nos galegos e galegas de xeito beneficioso.

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Traballo e Benestar

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	5
CRITERIOS METODOLÓXICOS.....	7
PRINCIPAIS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ANÁLISE COMARCAL.....	12
RESULTADOS POR COMARCAS:	
• PROVINCIA DA CORUÑA	24
• PROVINCIA DE LUGO	43
• PROVINCIA DE OURENSE	57
• PROVINCIA DE PONTEVEDRA	70
ANEXO: NOTA TÉCNICA.....	81

1. INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións vén desenvolvendo diversos traballos dentro da denominada área do mercado laboral. Neste ámbito, contamos con estudos que, partindo das variables representativas do mercado de traballo, realizan unha análise a distintos niveis territoriais: autonómico, provincial ou comarcal.

As continuas peticións de información actualizada xustificaron o deseño dunha aplicación web que recolle unha serie de informes de interese realizables en distintos ámbitos temporais e territoriais. Esta aplicación, de nome “Indicadores do mercado laboral”, atópase na web da Consellería de Traballo e Benestar¹, e substitúe a maior parte dos estudos do mercado de traballo emprendidos nunha primeira fase no Instituto Galego das Cualificacións. A automatización deste tipo de estudos, meramente descritivos, permitiu desenvolver, en maior medida, outro tipo de traballos de corte máis analítico que serven para difundir unha información final elaborada a través de indicadores sintéticos.

Esta liña de estudos iniciouse co informe *Saídas profesionais comarcais*, traballo que se levou a cabo nos anos 2005 e 2006 e que serviu como base para a realización da aplicación web “**Datos sobre ocupacións**” (2007), aplicación que contén información estatística referida aos grupos ocupacionais máis contratados nos ámbitos autonómico, provincial e comarcal. Dado o interese que suscitou o seu contido, a Consellería de Traballo e Benestar decidiu incluíla dentro do Plan Galego de Estatística.

Por outra banda, as anteriores publicacións de *Saídas profesionais comarcais* tiveron unha moi boa acollida en xeral, motivo polo que o Instituto Galego das Cualificacións decidiu a súa reelaboración a partir do ano 2008, utilizando como traballo de base a metodoloxía e a información recollida para a mencionada aplicación.

No entanto, para ampliar e complementar a información que aparece nela, decidimos reestruturar o resultado final facendo fincapé non nas ocupacións máis contratadas nas comarcas galegas (información contida en “Datos sobre ocupacións”), senón nos grupos ocupacionais que presentan *unha maior ocupabilidade laboral*.

¹ <http://emprego.xunta.es/cualificacions/index.jsp>

Trátase, pois, de incidir naquelas ocupacións que mostran mellores resultados nos indicadores manexados, estean ou non entre as máis contratadas na comarca, co fin de centrar a información naquelas ocupacións que obtiveron mellor situación relativa no mercado territorial local.

Coa publicación deste traballo, o Instituto Galego das Cualificacións persegue acadar un dos seus obxectivos prioritarios: coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarlles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral.

2. CRITERIOS METODOLÓXICOS

a. Antecedentes metodolóxicos

A aplicación web “**Datos sobre ocupacións**”, citada na introdución, fai referencia aos grupos ocupacionais máis contratados en distintos ámbitos territoriais galegos, incluíndose unha pequena análise descritiva da súa situación no mercado laboral. Así mesmo, presenta unha serie de indicadores elaborados no Instituto Galego das Cualificacións que serven non só para describir, senón tamén para estudar a tendencia, o grao de ocupabilidade e a temporalidade que presentan esas ocupacións.

Para a realización de *Saídas profesionais comarcais 2011*, imos partir do ámbito territorial da comarca e da última serie temporal incorporada na mencionada aplicación: 2006-2010. O informe analizará os resultados de *todos os grupos ocupacionais con representación contractual significativa na comarca*, seleccionando os 20 que presenten mellores resultados.

Como novidade para este ano, decidimos utilizar de xeito exclusivo o *indicador de ocupabilidade laboral*, xa que a combinación deste co indicador de tendencia resultaba máis restritivo e supoñía deixar sen contido algunhas comarcas. O criterio adoptado consiste en seleccionar os 20 grupos ocupacionais de maior volume contractual que presentan unha ocupabilidade de interese graduada en moi alta, alta e media.

A aplicación referencia deste traballo, “Datos sobre ocupacións”, inclúe unha *nota técnica*² que explica polo miúdo tanto as variables como os indicadores calculados. Ademais, a súa inclusión dentro do Plan Galego de Estatística motivou a elaboración dun exhaustivo proxecto técnico que o avala e explica en detalle distintos aspectos, como a información de base ou o procedemento de cálculo.

b. Indicadores de análise

² Véxase o anexo desta publicación, onde aparece transcrita a mencionada nota metodolóxica para facilitar o seu estudo.

Neste punto imos definir os indicadores que sustentan a análise comarcal realizada nesta publicación:

INDICADOR DE TENDENCIA: Describe a evolución contractual que unha ocupación segue ao longo dun período temporal (cinco anos), referenciando a súa situación actual coa evolución media do período inmediatamente anterior.

Este indicador, unha vez calculado, clasifica os grupos ocupacionais atendendo á seguinte gradación:

INDICADOR DE TENDENCIA	
Crecedemento sostido	CRECEMENTO
Crecedemento relevante	
Crecedemento irregular	
Estabilidade positiva	ESTABILIDADE
Estabilidade irregular	
Estabilidade	
Decrecedemento sostido	DECRECEMENTO
Decrecedemento relevante	
Decrecedemento irregular	

INDICADOR DE OCUPABILIDADE: Este indicador intenta medir as posibilidades que un demandante de emprego ten de atopar traballo nunha ocupación, atendendo exclusivamente ás características que presenta un mercado de traballo territorial concreto.

Para calcular este indicador, necesitamos dúas variables:

- O anterior indicador de tendencia e tipo de crecedemento/estabilidade/decrecedemento.
- O saldo neto calculado do seguinte xeito e para cada grupo ocupacional: contratados no grupo menos demandas solicitadas no primeiro lugar e recollidas no ámbito territorial correspondente. Ao tratarse de períodos de cinco anos, faremos o cálculo sumando contratados e demandas³ en todo o período temporal referenciado. Podemos falar dun saldo neto resumo do acontecido no ámbito territorial nos anos que comprende a serie, o que elimina posibles resultados conxunturais en anos puntuais que poderían nesgar o resultado e distorsionar as conclusións ao respecto. Por outra banda, ao comparalo cun indicador de tendencia, resulta máis coherente que o saldo neto implique un resultado global dese período e non o resultado nun ano.

³ As demandas de cada ano calcularanse como media mensual para evitar posibles estacionalidades.

A aplicación deste indicador queda reflectido no seguinte cadro de cruzamento de ambas as dúas variables:

TIPO DE CRECEMENTO	SALDO NETO	
	Positivo	Negativo ou igual a cero
Creceamento sostido	MOI ALTA	ALTA
Creceamento relevante		
Creceamento irregular	ALTA	MEDIA
Estabilidade positiva		
Estabilidade/Estabilidade irregular	MEDIA	BAIXA
Decreceamento irregular		
Decreceamento relevante	BAIXA	MOI BAIXA
Decreceamento sostido		

Refírese a unha ocupabilidade que vén dada estritamente polas condicións do mercado de traballo (contratos e demandas de emprego), sen valorar as circunstancias persoais (experiencia previa, formación...) que determinarían o grao de empregabilidade de cada demandante.

Neste caso, os resultados do indicador poden ser os que seguen:

INDICADOR DE OCUPABILIDADE	
Ocupabilidade moi alta	OCUPABILIDADE DE INTERESE
Ocupabilidade alta	
Ocupabilidade media	
Ocupabilidade baixa	OCUPABILIDADE DE BAIXO INTERESE
Ocupabilidade moi baixa	

c. Elaboración das listaxes por comarcas

Seleccionáronse todos os grupos ocupacionais que presentan unha ocupabilidade de interese para a análise. De todos eles facemos constar aqueles que presentan un maior volume contractual.

Hai comarcas que contan con grupos ocupacionais destacados segundo esta metodoloxía, pero que o volume contractual que presentan resulta pouco significativo. *Metodoloxicamente imos considerar pouco relevante un valor inferior a 10 contratados anuais.*

Para relativizar o resultado destes grupos ocupacionais, decidimos engadir un novo apartado onde facemos referencia ás ocupacións en crecemento pero cuxa presenza contractual resulta pouco significativa. Haberá que esperar aos próximos anos para ver se o crecemento alcanza niveis de interese ou ben tan só son pequenos repuntes conxunturais.

En definitiva, para cada comarca encaixáronse os 20 grupos ocupacionais con maior número de contratados que, ademais, cumpren co requisito mínimo de ocupabilidade, obtendo uns cadros que nos permiten detectar as ocupacións que presentan mellores perspectivas nos mercados laborais territoriais. Algunhas das ocupacións relacionadas coinciden, en maior ou menor medida, coas que aparecen recollidas dentro das 20 con máis contratados na comarca e outras resultan innovadoras. Esta non coincidencia serve para incidir noutras ocupacións que, malia non representaren un volume contractual tan significativo, cumpren coas condicións precisas para seren consideradas ocupacións relevantes pola súa traxectoria nos últimos cinco anos.

Esta análise non resulta concluínte, como toda análise meramente cuantitativa, aínda que si pode ser útil ao dar unha visión máis sintética do mercado de traballo, podendo servir como base para emprender outros estudos máis cualitativos que determinen o grao de significación real destas nas distintas comarcas galegas.

d. Outras consideracións metodolóxicas

- Os grupos de ocupacións con compoñente artística (valla como exemplo o recorrente grupo de compositores, músicos e instrumentistas) non son considerados neste traballo, xa que a súa propia connotación específica non os converte en saídas profesionais tradicionais. O resto dos grupos, sen excepción, entran na consideración analítica, aínda que algúns referidos a sectores como educación fagan referencia expresa ao emprego público e non tanto á creación de emprego local.
- O mapa que acompaña cada comarca serve non só para coñecer visualmente os concellos que integran cada comarca, senón tamén para *resaltar o peso que cada concello* ten con respecto á contratación comarcal.

3. PRINCIPAIS CONSIDERACIÓNS SOBRE A ANÁLISE COMARCAL

a. Principais conclusións xerais

O primeiro dato salientable é a diversidade dos mercados de traballo locais, vinculada ás propias características socioeconómicas de cada ámbito territorial galego.

Así mesmo, o feito de analizar os grupos ocupacionais con mellores resultados relativos, e non todos os de maior contratación, fai que aparezan **novas ocupacións de interese**, algunhas delas vinculadas aos novos filóns de emprego: servizos á dependencia, coidado de nenos, animación comunitaria, actividades físicas e deportivas, e servizos de protección e seguridade.

Os vinte grupos ocupacionais relacionados en cada comarca xorden como resultado da aplicación do indicador de ocupabilidade, mostrando en todos os casos unha perspectiva de emprego que vén notablemente condicionada pola evolución das contratacións en cada comarca.

b. Análise das comarcas con menor volume contractual

Algunhas comarcas moven un baixo volume contractual, polo que a consideración de 20 grupos ocupacional con boas perspectivas obríganos a referir ocupacións con moi escasa presenza en valores absolutos. Esta circunstancia fai que neste ano decidamos extraer da listaxe aquelas ocupacións cuxa entidade na comarca, malia apareceren con bos resultados relativos, resulta moi pouco significativa debido ao volume contractual que representan. As comarcas que se ven afectadas por esta situación son catorce, e todas de zonas do interior de Galicia:

CARACTERIZACIÓN DAS COMARCA CON BAIXO VOLUME CONTRACTUAL NALGUNHAS DAS OCUPACIÓNS PROPOSTAS

A Barcala	Doce das ocupacións propostas nesta comarca teñen volume contractual significativo. Como nota positiva, pódese indicar que, destas, a maioría presentan unha ocupabilidade moi alta ou alta, destacando o sector téxtil, os servizos socioculturais e administración.
Terra de Melide	Tan só dous dos grupos propostos non teñen contratación relevante; nos dezaioito restantes, o 50% presentan unha ocupabilidade laboral media. Nos

	resultados máis positivos cómpre salientar a hostalaría e o sector agrario.
Xallas	A súa situación é parecida á da comarca anterior. Neste caso son tres os grupos sen contratación relevante, malia que a porcentaxe de ocupabilidade laboral media supera o 50% das ocupacións. Non destaca un sector concreto, aínda que poderíamos citar unha certa presenza relevante da gandaría.
A Fonsagrada	Presenta a situación máis extrema, ao contar con tan só seis grupos ocupacionais salientados con contratación significativa. Destacan en certa medida os condutores de camións e maquinaria pesada.
Chantada	Conta cunha porcentaxe elevada de ocupacións con ocupabilidade moi alta e alta pertencentes a actividades económicas moi diversas. Hai dous grupos ocupacionais en crecemento pero con escaso volume contractual: técnicos de educación infantil e caixeiros.
Meira	Conta con sete grupos ocupacionais non significativos polo seu volume contractual. Máis da metade das ocupacións relevantes presentan un bo dato de ocupabilidade, destacando especialmente o sector hostaleiro.
Os Ancares	O 50% das ocupacións propostas contan con bo resultado de ocupabilidade, destacando os servizos socioculturais e a construción. Tan só os mecánicos e axustadores de motor aparecen con bo resultado relativo pero con contratación pouco significativa.
Quiroga	A fabricación mecánica é a actividade económica con maior grao de ocupabilidade nesta comarca. Posúe tamén un gran número de ocupacións en crecemento pero que non presentan un volume contractual que permita tomar conclusións definitivas.
Baixa Limia	A maioría das ocupacións destacadas nesta comarca atópanse en crecemento, pero cun volume contractual moi pouco significativo. Dentro dos grupos ocupacionais con ocupabilidade laboral alta e moi alta debemos destacar o sector agrario.
Terra de Caldelas	Tan só cinco dos grupos ocupacionais destacados contan con ocupabilidade laboral moi alta e alta. Debemos destacar a presenza do sector agrario.
Terra de Celanova	Esta comarca ten oito grupos ocupacionais destacados pola súa alta ocupabilidade, aínda que en sectores económicos moi diversos, o que non nos permite destacar un sector concreto. Aparecen dous grupos en crecemento, pero con escaso volume de contratación: traballadores en formigón e auxiliares administrativos.
Terra de Trives	Malia contar con varios grupos ocupacionais con escasa presenza contractual, cómpre salientar a existencia de 10 grupos con ocupabilidade laboral moi alta e alta nesta comarca. Os sectores destacados en maior medida son a hostalaría e a construción.
Viana	A metade das ocupacións destacadas están crecendo, pero aínda cun volume contractual moi pouco significativo. Analizando os mellores resultados segundo o indicador de ocupabilidade, habería que salientar a hostalaría, os servizos de dependencia e o sector forestal.

A Paradanta	É a única comarca da provincia de Pontevedra que conta con grupos ocupacionais con escaso volume contractual. Cómpre destacar a presenza positiva de servizos administrativos e do sector agrario.
--------------------	--

As 39 comarcas restantes contan con 20 grupos ocupacionais con contratación representativa e graduados pola súa ocupabilidade.

c. Comparativa de resultados entre as áreas metropolitanas e o resto das comarcas

Consideramos oportuno tratar de extraer conclusións distinguindo entre os resultados das sete comarcas metropolitanas (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo) en comparación co resto das comarcas galegas, ao entendermos que as características socioeconómicas e demográficas destas constitúen de seu unha importante diferenciación que xustifica unha análise desagregada:

1. Nas áreas non metropolitanas, o sector económico máis relevante é a hostalaría, mentres que nas grandes cidades repercute en maior medida a familia de servizos socioculturais. O efecto do Xacobeo 2010 faise notar no conxunto de Galicia, aínda que non repercute en tan gran medida nas sete grandes cidades, agás no caso de Santiago de Compostela e Ourense, onde se aprecian bos resultados en varios grupos ocupacionais deste sector. Cómpre salientar que tanto os animadores comunitarios como os asistentes domiciliarios contan con importante presenza nos dous ámbitos territoriais.
2. Seguindo con esta liña de análise, imos tratar de sinalar aquelas ocupacións que aparecen con mellor ocupabilidade⁴ en ambos os dous planos territoriais de análise, tentando aglutinar os resultados parciais (destacamos en cor aqueles grupos ocupacionais onde atopamos coincidencias):

OCUPACIÓNS DESTACADAS CON MÁIS FRECUENCIA	
ÁREAS NON METROPOLITANAS	ÁREAS METROPOLITANAS
○ Camareiros, barmans e asimilados	○ Animadores comunitarios

⁴ Por mellor ocupabilidade entendemos aqueles grupos ocupacionais máis repetidos pola súa ocupabilidade moi alta e alta nas distintas comarcas galegas.

<ul style="list-style-type: none"> ○ Cociñeiros ○ Asistentes domiciliarios ○ Animadores comunitarios ○ Peóns agrícolas ○ Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares ○ Outros diversos traballadores de servizos de protección e seguridade ○ Peóns forestais ○ Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas ○ Peóns gandeiros 	<ul style="list-style-type: none"> ○ Outros diversos profesionais do ensino ○ Peóns forestais ○ Asistentes domiciliarios ○ Auxiliares sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente ○ Camareiros, barmans e asimilados ○ Deportistas e profesionais similares ○ Empregados para o coidado de nenos ○ Guías e azafatas de terra ○ Outros traballadores das obras estruturais da construción
---	---

A partir da relación anterior, podemos extraer unha serie de comentarios centrándonos tanto nas similitudes como nas diferenzas:

- **SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE:** Esta familia aparece fortemente representada en ocupacións incluídas dentro dos novos filóns de emprego: *asistentes domiciliarios e animadores comunitarios*. Nas áreas metropolitanas aparecen, a maiores, os empregados para o coidado de nenos.
- **HOSTALARÍA E TURISMO:** Hai coincidencia na ocupación de *camareiros, barmans e asimilados*. Esta é a ocupación que aparece recollida con maior frecuencia por obter mellores resultados no conxunto de Galicia. Cómpre salientar tamén a importante presenza dos cociñeiros nas áreas non metropolitanas, fronte aos guías e azafatas de turismo nas grandes cidades galegas.
- **AGRARIA:** O sector agrario está presente no conxunto de Galicia, aínda que se concentra fundamentalmente nas *actividades de peonaxe*. A ocupación de peón forestal aparece fortemente reiterada en ambas as dúas zonas analizadas. Nas áreas non metropolitanas aparecen moi salientadas as ocupacións de peóns agrarios e gandeiros, xunto coa protección medioambiental e forestal.

- **EDUCACIÓN:** “*Outros diversos profesionais do ensino*”, este grupo ocupacional ten unha importante presenza nas áreas metropolitanas. Fai referencia a orientadores escolares e formadores ocupacionais, e vaise consolidando nestas áreas. Nas áreas non metropolitanas aparece nomeada en dez comarcas, polo que ten unha relevancia destacable, aínda que superada por outras ocupacións incluídas na táboa anterior.
- **ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN:** “*Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente*”; este grupo ocupacional que fai referencia aos operadores de máquinas contables cobra un importante protagonismo nas áreas metropolitanas.
- **ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS:** O grupo de *deportistas* inclúe os monitores de aeróbic e de mantemento físico, e sobresaen nas comarcas da Coruña, Lugo e Pontevedra.
- **CONSTRUCCIÓN E OBRAS PÚBLICAS:** A posta en marcha do coñecido como PLAN E en Galicia, proveniente do Fondo Estatal de Inversión Local, conséntese no aumento das contratacións dos *peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares*, que é nas áreas non metropolitanas onde presenta unha boa posición. Pola contra, a situación dos *traballadores en obras estruturais* consolídase nas cidades.

d. Caracterización da situación nas sete grandes cidades galegas: A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol

Nos resultados de cada comarca incluímos as 20 ocupacións con mellores perspectivas segundo a metodoloxía manexada. No caso das grandes cidades, hai outros grupos ocupacionais con bos resultados que non se inclúen na análise por unha cuestión de estrutura do informe para a presentación dos resultados.

Presentamos a continuación todas as ocupacións con resultados relevantes con respecto á ocupabilidade moi alta, alta e media, seleccionando todos os grupos ocupacionais con presenza contractual importante na comarca:

COMARCA DA CORUÑA

Servizos socioculturais

- Formadores ocupacionais
- Dependencia
- Atención á infancia
- Animación comunitaria

Administración e xestión

- Auxiliares administrativos
- Ordenanzas
- Secretarías administrativas
- Empregados de servizos de correos

Comercio

- Caixeiros
- Representantes de comercio e técnicos de venda

Edificación e obras públicas

- Traballadores nas obras estruturais da construción
- Peóns de obras públicas

Actividades físicas e deportivas

- Deportistas e outros profesionais similares
- Bañista-socorrista

Turismo e hostalaría

- Mozos de equipaxe e asimilados
- Recepcionistas de hotel

Instalación e mantemento

- Montadores de ascensores

Fabricación mecánica

- Montadores de estruturas metálicas
- Soldadores e oxicortadores
- Chapistas e caldeiros

Marítimo-pesqueira

- Oficiais maquinistas
- Pescador por conta allea de altura

Electricidade e electrónica

- Técnicos en electricidade

Sanidade

- Enfermeiros

Transportes

- Peóns do transporte e descargadores
- Condutores de motocicletas e ciclomotores

Imaxe e son

- Fotógrafos e operadores de equipos de gravación de imaxe e son

Artes gráficas (imaxe e son)

- Decoradores e deseñadores artísticos

Agraria

- Peóns agrarios

Informática e comunicacións

- Programadores de aplicacións informáticas e controladores de equipos informáticos

Téxtil (hostalaría)

- Lavandeiros, pasadores de ferro

COMARCA DE FERROL

Servizos socioculturais

- Animación comunitaria
- Atención á infancia
- Dependencia
- Educadores sociais

Administración e xestión

- Empregados de servizos de correos
- Auxiliares administrativos
- Empregados de control de abastecemento de inventarios
- Ordenanzas

Edificación e obras públicas

- Instaladores de material illante térmico e de insonorización
- Peóns de obras públicas
- Traballadores nas obras estruturais da construción

Actividades físicas e deportivas

- Bañista-socorrista

Comercio

- Caixeiros
- Representantes de comercio e técnicos de venda
- Vendedores a domicilio e por teléfono

Turismo e hostalaría

- Mozos de equipaxe e asimilados
- Recepcionistas de hotel
- Guías e azafatas de terra

Marítimo-pesqueira

- Pescador por conta allea de altura
- Oficiais maquinistas

Sanidade

- Auxiliares de enfermaría hospitalaria
- Enfermeiros
- Farmacéuticos

Instalación e mantemento

- Técnicos de organización e mantemento industrial

Electricidade e electrónica

- Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos

Transportes

- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas
- Condutores de motocicletas e ciclomotores

Agraria

- Peóns agrarios

Fabricación mecánica

- Montadores de estruturas metálicas

- Cortadores e tronzadores forestais

Artes gráficas

- Delineantes e deseñadores técnicos

COMARCA DE SANTIAGO**Servizos socioculturais**

- Formadores ocupacionais
- Animación comunitaria
- Atención á infancia
- Dependencia
- Educadores sociais

Turismo e hostalaría

- Guías e azafatas de terra
- Camareiros, barmans e asimilados
- Recepcionistas de hotel
- Cocineiros e outros preparadores de comidas
- Xefes de cocineiros e camareiros
- Técnicos de empresas e actividades turísticas

Administración e xestión

- Auxiliares administrativos
- Empregados administrativos comerciais
- Empregados de información e recepcionistas en oficinas
- Telefonistas

Fabricación mecánica

- Operadores de máquinas-ferramenta
- Montadores de estruturas metálicas

Comercio

- Dependentes
- Representantes de comercio e técnicos de venda

Electricidade e electrónica

- Técnicos en electricidade
- Axustadores e reparadores de equipos electrónicos

Téxtil (hostalaría)

- Lavandeiros, pasadores de ferro

Artes gráficas

- Operadores de máquinas para fabricar produtos de papel e cartón

Transportes

- Peóns do transporte e descargadores
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas
- Condutores de autobuses

Imaxe persoal

- Perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza

Seguridade

- Vixilantes, gardiáns e asimilados

Informática e comunicacións

- Programadores de aplicacións informáticas e controladores de equipos informáticos
- Outros profesionais de nivel medio de informática

Agrario

- Peóns forestais
- Cortadores e tronzadores forestais
- Peóns agrícolas
- Biólogos, botánicos, zoólogos e asimilados
- Enxeñeiros técnicos en especialidades agrícolas e forestais

Sanidade

- Farmacéuticos

Industrias alimentarias

- Panadeiros e pasteiros

Actividades físicas e deportivas

- Deportistas e profesionais similares

Edificación e obra civil

- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria de movemento de materiais

Química

- Químicos

COMARCA DE LUGO**Agraria**

- Peóns forestais
- Cortadores e tronzadores forestais
- Peóns agrícolas
- Peóns gandeiros
- Agrónomos e asimilados
- Operadores de maquinaria agrícola móbil

Turismo e hostalaría

- Guías e azafatas de terra
- Animador turístico
- Camareiros, barmans e asimilados

Edificación e obra civil

- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas...
- Condutores de maquinaria de movementos de terra
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas
- Traballadores das obras estruturais

Transportes

- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas

Sanidade

- Camareiras de pisos
- Mozos de equipaxe
- Recepcionistas de hotel

Seguridade

- Vixilantes, gardiáns e asimilados
- Gardas xurados e persoal de seguridade privado

Servizos socioculturais

- Animación comunitaria
- Dependencia
- Formadores ocupacionais
- Atención á infancia
- Educadores sociais

Administración e xestión

- Auxiliares administrativos
- Empregados de contabilidade e cálculos de nóminas
- Secretarios administrativos
- Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios

Actividades físicas e deportivas

- Deportistas e profesionais similares

- Auxiliares de enfermaría hospitalaria
- Auxiliares de enfermaría en atención primaria
- Enfermeiros

Comercio

- Vendedores a domicilio e por teléfono

Marítimo-pesqueira

- Oficiais maquinistas

Fabricación mecánica

- Montadores de estruturas metálicas

Industrias alimentarias

- Operadores de máquinas para elaborar produtos de panadaría, repostaría, artigos de chocolate e produtos a base de cereais
- Matachíns e traballadores de industrias cárnicas

Instalación e mantemento

- Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial

COMARCA DE OURENSE

Agraria

- Peóns forestais
- Operadores de maquinaria agrícola móbil
- Cortadores e tronzadores forestais
- Peóns agrícolas
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Enxeñeiros técnicos en actividades agrícolas e forestais

Turismo e hostalaría

- Camareiros, barmans e asimilados
- Cocíneiros e outros preparadores de comidas
- Camareiras de pisos
- Animador turístico
- Recepcionistas de hotel

Seguridade e medio ambiente

- Gardas xurados e persoal de seguridade privado
- Vixilantes, gardiáns e asimilados
- Bombeiros

Servizos socioculturais

- Formadores ocupacionais
- Dependencia
- Animación comunitaria
- Atención á infancia
- Educadores sociais

Edificación e obra civil

- Traballadores das obras estruturais da construción
- Peóns de obras públicas

Industrias alimentarias

- Panadeiros e pasteiros

Transportes e mantemento de vehículos

- Condutores de camións
- Condutores de autobuses
- Mecánicos e axustadores de vehículos de motor
- Condutores de motocicletas e ciclomotores

Administración e xestión

- Auxiliares administrativos
- Telefonistas
- Empregados de oficina de servizos estatísticos, financeiros e bancarios
- Empregados de control de abastecemento e inventario

Sanidade

- Enfermeiros

Actividades físicas e deportivas

- Bañista-socorrista
- Deportistas e profesionais similares

Fabricación mecánica

- Ensambladores de produtos metálicos, de caucho e de plástico
- Montadores de estruturas metálicas
- Chapistas e caldeiros
- Ferreiros e forxadores

Química

- Operadores de máquinas para fabricar produtos de materias plásticas

Instalación e mantemento

- Técnicos de organización e mantemento industrial
- Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial

COMARCA DE PONTEVEDRA

Turismo e hostalaría

- Camareiros, barmans e asimilados
- Camareiras de pisos
- Cocíneiros e outros preparadores de comidas
- Mozos de equipaxe
- Guías e azafatas de terra
- Recepcionistas de hoteis

Administración e xestión

- Empregados de servizos de correos
- Secretarios administrativos
- Auxiliares administrativos
- Empregados de información e recepcionistas en oficinas

Agraria

- Peóns forestais
- Cortadores e tronzadores forestais
- Peóns agrícolas
- Operadores de maquinaria agrícola móbil
- Traballadores cualificados por conta allea, agás en hortas, viveiros e xardíns

Servizos socioculturais

- Animación comunitaria
- Dependencia
- Formadores ocupacionais
- Atención á infancia
- Educadores sociais

Actividades físicas e deportivas

- Deportistas e profesionais similares

Industrias alimentarias

- Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe

Sanidade

- Auxiliares de enfermaría hospitalaria

Fabricación mecánica

- Chapistas e caldeiros

Edificación e obra civil

- Albaneis e canteiros
- Peóns de obras públicas
- Operadores de guindastres, camiões montacargas e de maquinaria de movemento de terras
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas

Transportes e mantemento de vehículos

- Peóns do transporte e descargadores
- Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas
- Mecánicos e axustadores de vehículos de motor

Comercio

- Representantes de comercio e técnicos de venda
- Axentes de enquisas

Seguridade e medio ambiente

- Vixilantes, gardiáns e asimilados
- Gardas xurados e persoal de seguridade privado

Imaxe persoal

- Perruqueiros e especialistas en tratamentos de beleza

Electricidade e electrónica

- Técnicos en electrónica e telecomunicacións

Marítimo-pesqueira

- Pescador por conta allea de altura
- Oficiais maquinistas

Instalación e mantemento

- Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial

COMARCA DE VIGO**Servizos socioculturais**

- Atención á infancia
- Dependencia
- Formadores ocupacionais
- Animación comunitaria

Turismo e hostalaría

- Mozos de equipaxe
- Guías e azafatas de terra

Edificación e obra civil

- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
- Traballadores das obras estruturais da construción
- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Peóns de obras públicas

Fabricación mecánica

- Operadores de máquinas-ferramenta
- Montadores de estruturas metálicas

Informática e comunicacións

- Programadores de aplicacións informáticas e controladores de equipos

Actividades físicas e deportivas

- Deportistas e profesionais similares

Transportes

- Condutores de autobuses
- Peóns do transporte e descargadores
- Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas

Imaxe persoal

- Perruqueiros e especialistas en tratamento de beleza

Administración e xestión

- Telefonistas
- Secretarios administrativos
- Ordenanzas

Instalación e mantemento

- Operadores de robots industriais

Marítimo-pesqueira

- Mariñeiros de cuberta de barco

Téxtil e confección

- Operadores de máquinas de coser e bordar

Hai unha serie de actividades que se repiten no conxunto das comarcas metropolitanas: servizos socioculturais (atención á infancia, dependencia, animación comunitaria), administración e xestión, transportes e actividades físicas e deportistas. Tamén aparecen de forma reiterada o turismo e hostalaría, especialmente en Lugo, Ourense, Pontevedra e, sobre todo, en Santiago de Compostela polo efecto Xacobeo 2010; a edificación e obra civil destaca en Lugo, Pontevedra e Vigo; cómpre salientar tamén a fabricación mecánica, de gran presenza en Ourense e na Coruña.

A rama sanitaria destaca en Lugo e Ferrol, mentres que as actividades agrarias se atopan fortemente representadas no conxunto metropolitano, agás na comarca de Vigo e moi pouco na da Coruña.

Por outra banda, existen actividades específicas dalgúns comarcas, como imaxe e son na Coruña e téxtil en Vigo. A industria química aparece en Santiago e Ourense, mentres que as artes gráficas destacan na Coruña e en Ferrol.

En canto ao nivel das cualificacións, aparecen postos de traballo cualificados en certas áreas como nas actividades agrarias: enxeñeiros técnicos en actividades agrícolas e forestais (Ourense e Santiago), agrónomos (Lugo) e biólogos, botánicos e zoólogos (Santiago). Tamén na actividade de informática, coa presenza de programadores informáticos na Coruña, Santiago e Vigo; os enxeñeiros técnicos informáticos tamén atopan boa saída na capital de Galicia.

RESULTADOS POR COMARCAS

Resultados por comarcas

a coruña




20 grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Camareiros, barmans e asimilados
- Cociñeiros e outros preparadores de comidas
- Peóns forestais
- Soldadores e oxicortadores
- Animadores comunitarios

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares
- Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados
- Empregados para o coidado de nenos
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Peóns gandeiros
- Carpinteiros (agás carpinteiros de estruturas metálicas)
- Operadores de maquinaria agrícola móbil



Nº contratados 2010

137 - 200
255 - 400
516 - 575

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Condutores de camións
- Peóns agrícolas
- Outros diversos profesionais do ensino⁵
- Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas
- Taxistas e condutores de automóbiles e furgonetas
- Secretarios administrativos e asimilados

⁵ Fai referencia a: orientador escolar; titor de formación aberta ou a distancia; formador-titor de empresa; formador de formación non regrada; formador ocupacional.


20 grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Camareiros, barmans e asimilados
- Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados
- Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas
- Mecánicos e axustadores de maquinaria agrícola e industrial
- Condutores de autobuses

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe
- Peóns do transporte e descargadores
- Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Cocíneiros e outros preparadores de comida
- Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente⁶
- Capitáns e oficiais de ponte
- Oficiais maquinistas



OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Peóns das industrias manufactureiras
- Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados
- Animadores comunitarios
- Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente⁷
- Representantes de comercio e técnicos de venda
- Bañista-socorrista


⁶ Operadores de máquinas contables.

⁷ Axente xudicial e/ou alguacil.

20 grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Operadores de máquinas de coser e bordar
- Animadores comunitarios
- Patronistas e cortadores de tea, coiro e pel
- Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente⁸
- Condutores de autobuses



OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Outros diversos profesionais do ensino⁹
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados
- Secretarios administrativos e asimilados

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Asistentes domiciliarios
- Condutores de camiós
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados
- Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais

OCUPACIÓNS CON BOAS PERSPECTIVAS E ESCASO VOLUME DE CONTRATACIÓN¹⁰

- Limpabotas e outros traballadores de oficios da rúa
- Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)
- Traballadores cualificados por conta allea en actividades agropecuarias
- Electricista de construción e asimilados
- Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares
- Revocadores, escaiolistas e estuquistas
- Fontaneiros e instaladores de tubos
- Encargados e xefes de equipo en obras estruturais da construción

⁸ Operadores de máquinas contables.

⁹ Fai referencia a: orientador escolar; titor de formación aberta ou a distancia; formador-titor de empresa; formador de formación non regrada; formador ocupacional.

¹⁰ Valor inferior a 10 contratados anuais.

COMARCA DE BERGANTIÑOS


20 grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Electricista de construción e asimilados
- Mariñeiros de cuberta de barco e asimilados
- Taxistas e condutores de automóviles e furgonetas
- Enfermeiros
- Auxiliares administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente¹¹
- Peóns agrícolas
- Outros diversos profesionais do ensino¹²
- Secretarios administrativos e asimilados
- Animadores comunitarios
- Deportistas e profesionais similares

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Camareiros, barmans e asimilados
- Cocíneiros e outros preparadores de comidas
- Mecánicos e reparadores de equipos eléctricos



- Bañista-socorrista
- Peóns de obras públicas e mantemento de estradas, presas e construcións similares
- Asistentes domiciliarios
- Panadeiros, pasteiros e confeiteiros

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Condutores de camiós
- Pescador por conta allea de altura
- Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe


¹¹ Axente xudicial e/ou alguacil.

¹² Fai referencia a: orientador escolar; titor de formación aberta ou a distancia; formador-titor de empresa; formador de formación non regrada; formador ocupacional.

20 grupos ocupacionais con mellores perspectivas laborais

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:

- Telefonistas
- Animadores comunitarios
- Traballadores cualificados por conta allea en hortas, viveiros e xardíns
- Asistentes domiciliarios
- Auxiliares de enfermaría hospitalaria
- Auxiliares administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados anteriormente¹³
- Cortadores, tronzadores e outros traballadores forestais



OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Representantes de comercio e técnicos de venda
- Caixeiros, vendedores de billetes (excepto bancos e correos)
- Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados
- Pintores, vernizadores, empapeladores e asimilados

- Peóns de transporte e descargadores
- Albaneis e canteiros
- Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de pisos) e outros establecementos similares
- Condutores de camións
- Cociñeiros e outros preparadores de comidas
- Empregados para o coidado de nenos
- Outros diversos profesionais do ensino¹⁴

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Camareiros, barmans e asimilados
